

CIRCULAR 36-2017

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

I CAMPIONATO DE GALICIA DE RELEVOS DAS CATEGORIAS CADETE, XUVENIL, JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO

Ourense, 17 de Maio de 2017

Art.1) A F.G.A coa colaboración do Club Deportivo Aurum e a través da súa delegación en Ourense organizará o I Campionato de Galicia de relevos das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa e absoluto nas pistas de Ourense o mércores día 17 de maio do 2017.

Art.2) Poderán participar todos os clubs que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Clubs que ficharan ao longo da tempada actual (2016/17) na Comunidade Galega
2. Clubs nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do venres 12 de maio do 2017.**

Art.4) Os delegados dos clubs deberán recoller os dorsais ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do club (Agás excepcións autorizadas polo organizador: a FGA. Os catro atletas de cada clube participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas 20 minutos antes da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do clubs agás casos debidamente xustificadas.

Art.5) Entregaranse medallas aos compoñentes dos tres primeiros clubs de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregarán as medallas.

Art.6) Os atletas deberán utilizar **os dorsais** de forma totalmente visible por diante e detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.7). Limitación de probas: Cada club só poderá presentar un equipo por categoría e sexo. Só poderán participar con un atleta de un club asociado (sempre e cando dito clube non participe no campionato) e un atleta estranxeiro.

Art.8). Horario (PROVISIONAL) da competición:

11.00: 4x100 cadete feminino
11:10: 4x100 cadete masculino
11:20: 4x100 xuvenil feminino
11:30: 4x100 xuvenil masculino
11:40: 4x100 junior feminino
11:50: 4x100 junior masculino
12.00: 4x100 promesa feminino
12.10: 4x100 promesa masculino
12.20: 4x100 absoluto feminino
12.30: 4x100 absoluto masculino
12.40: 4x300 cadete feminino
12.50: 4x300 cadete masculino
13.00: 4x400 absoluto feminino
13.10: 4x400 absoluto masculino

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o clube, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do clube por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez

Secretaria Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 10 de Abril de 2017